


Este sistema non serve, mobilización!



No Día da Clase Obreira Galega lembramos aos mártires Amador Rei e Daniel Niebla, traballadores da Bazán, asasinados pola policía en Ferrol.

Nesta data trágica para o Movemento Obreiro Galego, a cruel represión causou varios feridos de bala e posteriormente prodúcese a detención de máis de un cento de compañeiros e compañeiras.

O seu único delito fora: a defensa de un salario digno, menos horas de traballo e máis liberdade.

Para a Central Unitaria de Traballadores o 10 de Marzo de 1972 acada unha dimensión histórica emblemática, por canto a clase obreira galega ten conciencia da súa dimensión colectiva estendéndose a solidariedade no conxunto de Galicia como resposta a represión desatada polo fascismo.

Pasados 35 anos e coincidindo coa xornada post-electoral os traballadores galegos seguimos a enfrontar situación similares de sobre-explotación: salarios baixos, precariedade, xornadas e ritmos de traballo extenuantes..., nas que o capitalismo neoliberal aumenta día a día os seus beneficios sen importarlle o máis mínimo a alta taxa de siniestrabilidade laboral e morte como consecuencia dos continuos accidentes de traballo a todo isto temos que engadir unha circunstancia nova, a crise.

Hai uns meses ninguén falaba de crise, pero xa subsistían 950 millóns de famentos no mundo; xa o 45% da poboación mundial estaba sen auga e o 50% sen atención médica; xa o desemprego e a precariedade laboral afectaba ao 80% do planeta. Esta foi, e será sempre, a consecuencia directa do capitalismo: serrar riqueza para uns poucos destruindo a vida da maioría.

Por que toca agora falar de crise cando xa existían estas condicións obxectivas? A resposta é clara: o sistema capitalista, despois de obter grandes beneficios grazas á especulación, entrou en colapso financeiro.

Este colapso levouno á redución de ganancias (olho, non a perder cartos), e para frear esta tendencia propoñen como solución dar cartos públicos aos bancos e empresas privadas (cartos que sacan dos petos dos traballadores e traballadoras), propoñen despido libre, xornada laboral máis ampla, eliminación do gasto social, desgravación fiscal ás empresas... Medidas e medidas destinadas a salvar un sistema que leva á precariedade a todo o proletariado, medidas que implican o sacrificio dos traballadores e traballadoras en beneficio desta caste de voitres explotadores.

Esta situación xa existía con anterioridade a esta fase da economía capitalista que o poder económico, e os seus lacaios políticos, chaman crise. Dende os anos 90, e como consecuencia do ultraliberalismo aplicado nos anos 80, os "intelectuais" do capitalismo, veñen anunciando o fin da historia e a chegada do sistema perfecto; un sistema que deron en chamar globalización. A día de hoxe quedou demostrado que a historia non chegou ao seu fin, que o capitalismo é o sistema que ten que desaparecer, que a globalización non era máis que un eufemismo para non chamar polo seu nome ao imperialismo capitalista... quedou demostrado que **¡¡ O SISTEMA NON SERVE!!**

O que eles chaman crise non é máis que un estancamento do consumo, o pobo traballador xa non pode absorber todas as mercadorías, non ten xa de onde sacar recursos para manter as marxes de beneficio do capital. O salario real dos traballadores e traballadoras chegou a mínimos tan ridículos que non poden manter as esixencias destes piratas. Que se lles ocorre para saír do labirinto aos poderes económicos? Pois que sexan os traballadores e traballadoras os que poñamos da nosa parte para solucionar os problemas dos bancos, multinacionais e grandes empresas. En primeiro lugar máis contención salarial, en segundo lugar xeneralización dos Expedientes de Regulación de Emprego (EREs) coa complicidade do sindicalismo vendido ao poder, e en terceiro lugar darlles cartos públicos ás empresas para evitar máis EREs e así pagar os salarios dos traballadores e traballadoras mentres quedan na casa, evitando así a mobilización obreira ante esta barbarie.

Na comarca de Vigo xa marcharon 2000 traballadores para casa, pero segundo a patronal non son despedimentos, son finalización de contrato. Unha medida deste calibre, hai vinte anos, tería levado a toda a clase traballadora ás rúas, pero hoxe estamos desmobilizados pola parálise que supón o consumismo no que estamos afogados (hipotecas, coches, tecnoloxía idiotizante...). A situación vai empeorar o vindeiro ano, e máis tendo en conta que o goberno antiobreiro do estado español ten a intención de pechar o IPC deste ano arredor do 2%, cando todos sabemos na nosa vida cotiá que a suba de prezos foi escandalosa; esta previsión de IPC vainos levar a unha perda maior de poder adquisitivo que pode dificultar a cobertura das necesidades primarias (alimentación, saúde, vestido, educación).

Dende a **CUT** facemos un chamamento á mobilización porque **o problema non é a crise do capitalismo, o problema é o capitalismo mesmo**. Dende a **CUT** pedimos a toda a clase obreira que reaccione contra un sistema que exclúe dunha vida digna á metade do planeta cando non ten problemas, e que ameaza coa pobreza ao resto cando descenden os seus beneficios.

Non somos nós os responsábeis desta situación que vimos sufrindo dende hai anos, con moita máis gravidade dende a entrada do euro e a consecuente inflación. Por que temos que pagala nós? Fronte a estas políticas de apoio a grandes empresas e banca cos nosos cartos, fronte a pasividade da autoridade laboral ante a declaración de EREs para aumentar os beneficios das empresas (non para reducir perdas) só cabe a denuncia e a mobilización. Nas nosas mans está pórle freo ao capitalismo e reaccionar contra aqueles que nos están a explotar para manter a súa marxe de beneficio.

¡¡ ESTE SISTEMA NON SERVE, MOBILÍZATE!!

